



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 13 de xaneiro de 2016**.

- 1.- Aprobación do borrador** da acta da sesión ordinaria do 7 de xaneiro de 2016.
- 2.- Concesión de licenza de legalización de obras de acondicionamento de local situado** na Avda. Ourense, n.º 96 de Marín, para a actividade de restaurante.
- 3.- Toma de coñecemento** da resolución do xefe territorial, concedendo unha subvención polo importe de 9.270,14 euros para a contratación por un período dun ano de un axente de emprego e desenvolvemento local ao abeiro da Orde do 16 de novembro de 2015 (DOG num. 222 de 20 de novembro de 2015).
- 4.- Toma de coñecemento** das bases reguladoras das axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural, en concorrencia competitiva, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2016.
- 5.- Toma de coñecemento** das bases reguladoras das axudas para a reforestación e para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2016.

Asuntos urxentes: A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

- 6.- Concesión de licenza** de obras para a construción de tres edificacións para oficinas administrativas, vestiarios e talleres para consignación e estiba de mercancías e buques comerciais e pesqueiros e unha edificación con surtidores de combustible, na zona de servizos do Porto de Marín, Subsectores S-1.3 e S-1.5.
- 7.- Rogos e preguntas.** Non se formulan.